

Rexistro Auxiliar U.X.A. Campus Vida
Saída Nº : 2410
Data de saída: 19/04/2010

Rematado o prazo para que os/as solicitante s da **Convocatoria de axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos para o alumnado matriculado nos programas de doutoramento do Real Decreto 778/1998 (Terceiro Ciclo)** presentaran os datos e a documentación requirida,

Esta Vicerreitoría, co obxecto de dar cumprimento ao punto 2 da base oitava da dita convocatoria, **resolve facer públicas as listas provisionais**,

1. De **solicitantes admitidos**, con indicación da puntuación media final obtida, que son os que figuran no [Anexo I](#), e a
2. De **solicitantes excluídos**, con mención da causa de exclusión, que son os que figuran no [Anexo II](#).

Contra esta resolución os interesados **poderán presentar alegacións ata o día 3 de maio do 2010**, mediante escrito dirixido á Sección de Bolsas e Axudas do Alumnado do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, que entre garán nos Rexistros Xerais da Universidade: o de Santiago, sito no Colexio de San Xerome, s/n, 15782, e o de Lugo, sito na Vicexerencia de Lugo, (Edificio Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros, Campus Universitario), 27002, nos Rexistros Auxiliares das Unidades de Xestión Académica, o do Campus Sur sito no edificio do Pavillón Estudiantil e o do Campus Norte sito no Burgo das Nacións, ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para dar cumprimento ao punto 3 da dita base oitava, **o día 18 de maio publicarase** a lista definitiva dos beneficiarios aos que se lle concede a axuda, a lista de agarda para o caso de renuncias e a lista de excluídos.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2010

**O VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E
ESPAAO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR**
(P.D. do 31 de xullo de 2007)



Máximo Pló Casasús